



# PLAN DIXITAL

## CPR SAN MARTÍN

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

<i>Tipo de centro</i>	<i>Centro Privado Concertado</i>
<i>Denominación oficial</i>	<i>CPR SAN MARTÍN</i>
<i>Titular do centro</i>	<i>“Estudios San Martín Cooperativa, S.C.G.”</i>
<i>C.I.F:</i>	<i>F32429995</i>
<i>Código do centro</i>	<i>32015530</i>
<i>Provincia</i>	<i>OURENSE, 32001</i>
<i>Enderezo</i>	<i>Avenida de Marín 23/25 Baixo</i>
<i>Teléfonos</i>	<i>988 221 990 e 619 405 979</i>
<i>Correo electrónico</i>	<i><a href="mailto:cpr.estudios.sanmartin@edu.xunta.gal">cpr.estudios.sanmartin@edu.xunta.gal</a></i>
<i>Web</i>	<i><a href="http://www.estudiossanmartin.es">www.estudiossanmartin.es</a></i>
<i>Aula virtual</i>	<i><a href="https://aulavirtual.estudiossanmartin.es/">https://aulavirtual.estudiossanmartin.es/</a></i>

Actualmente imparte os seguintes niveis e etapas educativas:

- CFGM Xestión Administrativa (LOE) 1º e 2º Curso.
- CFGM Cuidados Auxiliares de Enfermería (LOXSE) 1º Curso, 2º Curso FCT.
- FPB Informática e Comunicacions (LOMCE) 1º e 2º Curso.
- FPB Servizos Administrativos (LOMCE) 1º e 2º Curso.

O centro leva impartindo ensino regulado dende o ano da súa clasificación por Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 14 de Xullo de 1999 ata a actualidade.

A titularidade do centro CPR San Martín foi autorizada pola Xunta de Galicia DOG 14-07-1999 (OR 20-07-1999, DOG 23 de Agosto de 1999)

Ten subscrito concerto educativo, na actualidade, coa Consellería de Educación, para os niveis de FPB e CFGM.

Coa entrada da LOMCE o centro é autorizado para impartir 2º Curso de FPB Informática e Comunicaci3ns e 2º Curso de FPB Servizos Administrativos. Con este aumento a partir do curso acad3mico 2015-2016 o Centro ten 8 unidades concertadas (2 Unidades de Coidados Auxiliares de Enfermaría LOXSE, 2 Unidades CFGM Rama Administrativa LOE e 4 Unidades FPB dous primeiros cursos e dous segundos cursos LOMCE)

**ALUMNADO:**

No curso 2021/2022 o centro ten o comezo do mesmo o alumnado matriculado que est3 distribuído como segue:

<i>Curso</i>	<i>Alumnos</i>
<i>1º CFGM Xestión Administrativa</i>	<i>22</i>
<i>2º CFGM Xestión Administrativa</i>	<i>14</i>
<i>2º CFGM Xestión Administrativa (FCT)</i>	<i>3</i>
<i>1º CFGM Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría</i>	<i>60</i>
<i>2º CFGM Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría</i>	<i>55</i>
<i>1º FPB Informática e Comunicaci3ns</i>	<i>21</i>
<i>2º FPB Informática e Comunicaci3ns</i>	<i>18</i>
<i>2º FPB Informática e Comunicaci3ns (FCT)</i>	<i>6</i>
<i>1º FPB Servizos Administrativos</i>	<i>20</i>
<i>2º FPB Servizos Administrativos</i>	<i>12</i>
<i>2º FPB Servizos Administrativos (FCT)</i>	<i>4</i>
<b>TOTAL ALUMNADO DO CENTRO</b>	<b>235</b>
<b><i>En ciclos medios: 154</i></b>	<b><i>En FPB: 81</i></b>

**PROFESORADO:**

Configuran a comunidade educativa 13 profesores distribuídos nas diferentes areas formativas.

## **1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro**

O centro CPR San Martín é un centro Privado-Concertado que ofrece un estilo propio de entender e vivir a educación.

A comunidade educativa, como unha gran familia, debe implicarse, xunto coa entidade titular, na formación integral dos seus alumnos e potenciar, os valores, dialogo e responsabilidade. De xeito particular os pais dos alumnos, primeiros educadores dos seus fillos, que elixiron, entre unha pluralidade de opcións educativas, o estilo educativo do CPR San Martín son conscientes do compromiso que contraen nesta elección. Por isto, tentamos que na elaboración deste Plan interveñan tódolos estamentos da comunidade educativa.

Na medida en que se concibe a educación como un fenómeno que non pode desligarse da sociedade, e o mesmo tempo como un elemento compensador das desigualdades sociais, o Centro asume a concepción da educación como un servizo cuxos principios básicos son a participación e a xestión democrática por parte da comunidade escolar, xunto coa defensa da liberdade do ensino, recoñecida polas leis.

Pretendemos preparar o alumnado para integrarse nunha sociedade complexa e cambiante, e ser membros activos e responsables dela. Isto esixe recoñecer que a súa inserción no mercado laboral debера producirse nun entorno competitivo que o alumnado debера asumilo de modo realista.

Como todo esta relacionado e as novas tecnoloxías son un dos grandes piares que sustentan esta sociedade, e cada vez mais, todo afecta este ámbito de forma que o PD vai influír no propio Proxecto Educativo do Centro e na Programación Xeral Anual, xa que todo xira o redor das novas tecnoloxías e a súa aplicación no entorno educativo.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos

directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021- 2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Por último, a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 ten como finalidade promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos proceso de ensino e aprendizaxe.

#### Normativa aplicable:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021/2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

#### **1.4. Proceso de elaboración**

- Analise da situación de partida:
  - Informe SELFIE, o informe SELFIE reúne as opinións do equipo directivo, o profesorado e o alumnado e fai unha comparación entre elas. A información recollida en SELFIE ofrece o centro unha visión instantánea de en que punto se atopa na actualidade en relación coa estratexia e a practica no uso de tecnoloxías dixitais. Os resultados deste TEST utilizaranse para o desenvolvemento do DAFO posteriormente.
  - Test CDD, con esta ferramenta tratamos de descubrir o estado da competencia dixital docente, que é, o conxunto de coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas relacionadas co uso da tecnoloxía, aplicada aos contextos e procesos educativos, co fin de alcanzar un ou varios obxectivos. Este test realizouse usando a plataforma FPROFE da Consellería.

- Debates internos, tentando implicar a totalidade do cadro docente leváronse a cabo distintas xuntanzas nas que se debateron as distintas inquietudes do profesorado en canto as tecnoloxías aplicadas na docencia. A idea era intentar descubrir as posibles carencias para tentar subsanalas con este Plan Dixital.
- DAFO, con toda a información conseguida a partir do SELFIE, do test CDD e dos distintos debates ou reunións no centro ca comunidade educativa pasouse a elaboración do DAFO.
- Plan de acción, unha vez realizado o DAFO, este serviunos para plantexar as accións que levaremos a cabo dentro do PD para o curso 2022/2023.



## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Conexión a Internet:

- 600 Mb de fibra simétrica. La fibra simétrica consiste en que a velocidade de carga e descarga é a mesma.

#### Infraestrutura de rede:

- Rede cableada interior e hardware de rede gibabit ethernet con tomas de datos en tódalas aulas e espazos.
- Rede wifi 802.11 a / b / g / n / ac con puntos de acceso ubiquiti con roaming en todo o centro.

#### Plataforma teleformación (Aula Virtual):

- Plataforma MOODLE instalada en servidores recorrentes con servizo de backup activado diario.

#### Equipamento informático:

- Aula 1:
  - 1 Ordenador para o profesor, 18 Ordenadores sobremesa para alumnos
  - 1 Impresora láser color, Proxector.
- Aula 2:
  - 1 Ordenador para o profesor, 20 Ordenadores portátiles para alumnos, Proxector.
- Aula 3:
  - 1 Ordenador para o profesor, Proxector.
- Aula 4:
  - 1 Ordenador para o profesor, Proxector.
- Aula 5:
  - 1 Ordenador para o profesor, 20 Ordenadores sobremesa para alumnos
  - 1 Impresora láser color, Proxector.
- Aula 6:
  - 1 Ordenador para o profesor, 18 Ordenadores sobremesa para alumnos, Proxector.
- Aula 7:
  - 1 Ordenador para o profesor, 20 Ordenadores sobremesa para alumnos, Proxector.
- Aula 8 (Biblioteca):
  - 1 Ordenador para o profesor, 15 ordenadores portátiles para os alumnos, Proxector.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE

Realizado o SELFIE no centro extraese a seguinte información en relación coas diferentes áreas do informe.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				3,8	
	Profesorado				4,3	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3,6	
	Profesorado				4,1	
	Alumnado				4,1	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				4,0	
	Profesorado				4,7	
	Alumnado				4,5	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				3,8	
	Profesorado				4,3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				4,1	
	Profesorado				4,5	
	Alumnado				4,8	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				3,5	
	Profesorado				4,5	
	Alumnado				4,1	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				3,9	
	Profesorado				4,3	
	Alumnado				4,0	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				3,8	
	Profesorado				4,3	
	Alumnado				4,3	

### Test CDD

Realizado o Test CDD acádanse os seguintes resultados relacionados cas areas de participación máis significativas do profesorado do centro:

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
LS1 - SUBSTITUTO	0	2	0%
L01 - LABORAL	13	14	92,9%

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,8	INTEGRADOR/A (B1)	76,4	INTEGRADOR/A (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	<u>Puntuación media do test (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia</u>	<u>Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)</u>	<u>Nivel de competencia en Galicia</u>
CF	73,8	INTEGRADOR/A (B1)	80,2	INTEGRADOR/A (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	<u>Total profesorado no nivel de competencia</u>	<u>% de profesorado participante neste nivel</u>
<u>EXPLORADOR/A A2</u>	5	38,50%
<u>INTEGRADOR/A B1</u>	3	23,10%
<u>EXPERTO/A B2</u>	5	38,50%
<u>TOTAL</u>	13	100,10%

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<u>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A infraestrutura dixital respalda o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>Dispónse de dispositivos dixitais tanto para a docencia como para os alumnos.</li> <li>Dispónse de acceso a internet para o propio centro y para os dispositivos dos alumnos y dos docentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non se ten acceso unha base de datos de provedores de formación en centros de traballo.</li> <li>Os dispositivos dixitais para o alumnado son insuficientes.</li> </ul>
	<u>PERSONAL DOCENTE</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Promóvese as novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</li> <li>Búscanse e utilízanse recursos educativos en liña.</li> <li>Empréganse entornas virtuais e plataformas dixitais en liña.</li> <li>Debátese sobre as vantaxes e desvantaxes de utilizar a tecnoloxía para o aprendizaxe.</li> <li>Busca recursos educativos en Internet.</li> <li>Utilízanse plataformas en liña.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non se dispón de tempo para explorar o ensino dixital.</li> <li>Insuficiente participación en accións formativas na aplicación das novas tecnoloxías.</li> <li>Non avaliamos os nosos progresos en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</li> <li>Insuficiente reflexión sobre as necesidades de DPC.</li> <li>Non se fomenta a participación en proxectos interdisciplinarios.</li> </ul>
	<u>PERSONAL NON DOCENTE</u>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Non se dispón de tempo para explorar o ensino dixital.</li> </ul>
	<u>ALUMNADO</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>No centro hai ordenadores que podo utilizar.</li> <li>Contéplase que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.</li> <li>Aprendo a comunicarme usando a tecnoloxía.</li> <li>Aprendo a comprobar se a información que atopo en Internet é fiable e precisa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non teño acceso a unha base de datos de empresas que ofrezan prácticas externas e outras posibilidades de formación.</li> </ul>
	<u>FAMILIAS</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Contéplase que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Involúcranse pouco na dixitalización das ensinanzas dos fillos.</li> </ul>
	<u>OFERTA</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ofertamos modalidades de Formación Profesional semipresencial.</li> <li>Na captación de alumnos faise fincapé no uso de tecnoloxías e medios dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os dispositivos dixitais para o alumnado son insuficientes</li> </ul>
	<u>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Si existe unha estratexia dixital.</li> <li>O centro está involucrado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</li> <li>Existe asistencia técnica suficiente.</li> <li>Contéplase que o alumnado traia os seus propios dispositivos portátiles e poida utilizalos durante as clases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Non existe certificación en competencias dixitais.</li> <li>As empresas con las que colaboramos non participan na estratexia de desenvolvemento dixital do centro.</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<u>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Papel das autoridades educativas respecto a implantación do Plan Dixital.</li> <li>• Grao de implantación dos recursos dixitais para desenvolver as distintas tarefas administrativas e docentes: Xade, Programacións,...</li> <li>•</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel de financiación externa.</li> <li>• Serían necesarias mais prazas para formación en novas tecnoloxías para os centros concertados.</li> <li>• Programas da Consellería vinculados as TIC como edixgal, maker... para centros concertados.</li> </ul>
	<u>LEXISLACIÓN</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• No noso centro existen sistemas de protección de datos.</li> </ul>	
	<u>CONTORNA</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de implantación da imaxe dixital do centro (como nos ven).</li> <li>• Familias están predispostas o uso das metodoloxías emerxentes e o uso das novas tecnoloxías</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Familias con recursos escasos non teñen acceso e pouca practica no uso das metodoloxías emerxentes e o uso das novas tecnoloxías.</li> <li>• Escasa relación cos centros educativos da zona, o que impide a elaboración de proxectos comúns, intercambio de ideas, etc.</li> </ul>
	<u>ANPA</u>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non existe ANPA no centro</li> </ul>
	<u>OUTRAS ENTIDADES</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilizamos tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As empresas coas que colaboramos non participan na estratexia de desenvolvemento dixital do centro.</li> </ul>

### 3. Plan de Acción

O deseño do Plan de Acción realizouno o Equipo de Dinamización do Plan Dixital en colaboración co Claustro. Na medida en que o traballo sexa froito da colaboración, o resultado final será un instrumento máis realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.

En cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir do DAFO elaborado estableceuse uns obxectivos, buscando que solucionen debilidades ou afronten ameazas aproveitando as fortalezas e oportunidades.

Ten importancia englobalos nas áreas de mellora para poder relacionalos nunha futura sesión do SELFIE.

No noso caso decidíronse tres Obxectivos:

1. Diseñar proxectos interdisciplinares nos que se empreguen as TIC, dentro da area de “Desenvolvemento Profesional Continuo”
2. Participar nun plan de formación do profesorado en ferramentas dixitais dentro da area de “Desenvolvemento Profesional Continuo”
3. Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro dentro da area de “Infraestructura e Equipos”.

Para cada obxectivo axuntase una táboa onde consta tamén a seguinte información:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos *obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.*
- As accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporalización e determinar os recursos necesarios.

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas**

Por equipamento entendese o conxunto de dispositivos tecnolóxicos cos que conta o centro para o desenvolvemento das funcións docentes.

Neste sentido o centro detecta as seguintes necesidades:

- Ordenadores portátiles ou de sobremesa para que tódolos alumnos poidan ter acceso as TIC dentro do centro.

### Táboa 1 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional Continuo						
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Deseñar proxectos interdisciplinares nos que se empregan as TIC				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empreguen as TIC					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empregan as TIC					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	2 proxectos interdisciplinares deseñados nos que se empregan as TIC					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Creación do grupo de deseño de proxectos interdisciplinares.	Xefatura de estudos e persoas coordinadoras dos equipos do ciclo.	Finais de setembro 2022	Convocatoria, equipos informáticos, Xefe de estudos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Elaboración dunha proposta de proxecto interdisciplinar por departamento/ciclo	Departamentos/ coordinadores de ciclo.	Finais de novembro 2022	Equipos informáticos, Xefe de estudos. Persoas coordinadoras dos ciclos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Posta en común das propostas e elección.	Departamentos/ coordinadores de ciclo.	Mediados de nadal do 2022	Creación dun formulario online para dar a escoller ao claustro a preferencia dos proxectos deseñados.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



<b>A01.4: Dar a coñocer os dous proxectos seleccionados</b>	Departamentos/ coordinadores de ciclo.	Finais do primeiro trimestre previo o Nadal 2022	Equipo informático. Correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A01.5: Realización dos proxectos seleccionados e presentación dos mesmo a comunidade educativa.</b>	Departamentos/ coordinadores de ciclo/alumnos.	Finais do segundo trimestre previo as vacacións de Semana Santa do 2023	Equipo informático, persoa coordinadora, alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa 2 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

"Área/s de mellora": Desenvolvemento Profesional Continuo						
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Participar nun plan de formación do profesorado en ferramentas dixitais.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo / Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Porcentaxe de participación no plan de formación					
<b>Valor de partida (3)</b>	30% do profesorado participa.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	60% do profesorado participa.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Detección de necesidades do profesorado en ferramentas dixitais.	Equipo Directivo / Coordinador TIC	Finais de setembro 2022.	Coordinador TIC, Cuestionario, Dispositivos dixitais, Profesorado do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Elaboración dunha proposta de formación en ferramentas dixitais.	Equipo Directivo / Coordinador TIC	Finais de outubro 2022.	Coordinador TIC, Dispositivos dixitais, Profesorado do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Realización dunha acción formativa dentro do plan de formación continua da empresa.	Equipo Directivo / Coordinador TIC / Cooperativa.	Antes do Nadal de 2022	Aula de Informática.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A02.4: Realización dunha acción formativa dentro do sistema FPROFE da Conselleria de Educación.</b>	Profesorado.	Segundo e terceiro trimestre do curso 2022/2023.	Profesorado, Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

**Táboa 3 do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo**

<b>“Área/s de mellora”: Infraestrutura e Equipos</b>						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Actualizar e/ou renovar os dispositivos dixitais do centro.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo Directivo / Consello Reitor Cooperativa				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Cantidade de dispositivos actualizados e/ou renovados					
<b>Valor de partida (3)</b>	0% dispositivos actualizados e/ou renovados					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	50% dispositivos actualizados e/ou renovados					
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>A03.1: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro.</b>	Equipo Directivo / Coordinador TIC	Nadal de 2022.	Equipo Directivo / Coordinador TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.2: Actualizar e/ou propondor renovación do equipamento dixital.</b>	Equipo Directivo / Cooperativa	Fin de curso 2022/2023	Cooperativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

#### 4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual**:
  - A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre.
  - Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final**:
  - A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano.
  - Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

#### 5. Difusión do plan

- Unha vez redactado e aprobado polo Consello Escolar enviarase unaha copia a cada membro do claustro.
- No claustro inicial do curso 2022/2023 darase tamén copia impresa o claustro e recordarase a importancia do PD.
- Os titores farán énfase nos seus grupos na explicación do PD os seus alumnos para implicalos na consecución dos obxectivos.